

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 00/12/1978

Colección:

Data: 00/12/1978

De:

Ramón Piñeiro;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Imágenes de Galicia; Artes; Artes visuais; Autores/as;

Mencionados:

Castelao; Ramón Otero Pedrayo; Valle-Inclán;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcrición da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 00/12/1978

Compostela, Nadal 78

Benquerido Luis:

Hai días que chegou Imágenes de Galicia e, contemplando o seu contido, sentínme engaiolado pola extraordinaria forza evocativa que del se desprende. Para min, vén ser como un fermoso códice capaz de despertar no noso espírito os tesouros do noso pasado lexendario, mítico, histórico, poético. Un pasado que herdamos dos nosos devanceiros e que está vivo nas camadas máis profundas do noso ser, moitas veces ensumido no estado latente de emoción vaga, imprecisa, neboenta. Pero o teu libro, que merece ser manexado coa devoción íntima con que noutros tempos manexaban os “libros de horas”, ese sustrato neboento do noso ser colectivo cobra presenza máxica. As distintas dimensións de Galicia aparecen nesas páxinas con toda a forza da súa significación, ennobrecida pola gracia do arte, do teu arte. Gran parte da tua obra, querido Luis, é o mellor testemuño con que conta a nosa cultura da Galicia soñada e vivida desde o exilio, desde a emigración. Hai unha Galicia de Seoane, e esa Galicia ten tanta personalidade artística e tanta orixinalidade creadora como a Galicia de Valle Inclán, ou a Galicia de Otero Pedrayo, ou a Galicia de Castelao. Graciñas polo exemplar do libro. ¿Cándo che poderei corresponder mínimamente?

Polos viaxeiros que foron ahí, fomos sabendo de vós. Tamén soupemos por iles que chegaredes aquí coa primavera, cousa que nos alegra. Sempre nos lembramos de vós, e nestas datas aínda máis.

Apertas nosas para os dous

Ramón

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.